

Ficha 12


REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Un **ecosistema** é o conxunto de **seres vivos** que habitan nun lugar, onde se relacionan entre eles, e o **medio físico** en que viven.

O medio físico está formado por todos os compoñentes non vivos do ecosistema. Hai dous tipos de medios, os **terrestres** e os **acuáticos**.

Os seres vivos son todos os animais, as plantas e os demás seres vivos que forman parte do ecosistema. Cada ser vivo ten unhas necesidades diferentes e habita no lugar onde pode satisfacelas. Dise que os seres vivos están adaptados ao medio en que habitan.

- 1 Explica o que é un ecosistema e, a continuación, indica o que representan os seguintes debuxos.



- 2 Observa os debuxos da actividade anterior e completa os recadros.

Seres vivos do ecosistema

Medio físico do ecosistema

3 Observa o debuxo e contesta as preguntas.



- Escribe o nome das seguintes especies no debuxo.

coello – lince – aciñeira – aguia – romeu – bolboreta – rato – lagarto


- Clasifica os seres vivos da pregunta anterior en flora e fauna.

Flora: _____

Fauna: _____

- Define poboación e, a continuación, rodea cun círculo os seres vivos do debuxo que están formando poboacións.

4 Indica o tipo de medio que representan as seguintes imaxes e, a continuación, relaciona as columnas.



- | | | |
|---------------------------|---|---|
| <p>(A) •</p> <p>(B) •</p> | <ul style="list-style-type: none">• Mero• Cacto de candeeiro• Serpe de crótalo• Alga vermella coralina | <ul style="list-style-type: none">• Acumula auga no talo.• Vive en tobos durante o día e caza de noite.• Ten vexigas cheas de aire para subir á superficie.• Ten aletas para desprazarse con facilidade. |
|---------------------------|---|---|